



Eleicións Xerais 2000

I. Situación política

O Bloque Nacionalista Galego é expresión da conciencia de Galiza, do noso dereito a existir, da necesidade de defender os nosos intereses colectivos como povo. Trata-se dunha cuestión de dignidade colectiva e de defensa dos nosos intereses materiais. O Estado español articulou-se sobre un deseño claramente desequilibrado e desigual, no que Galiza levou e está a levar un trato discriminatório. É natural que Galiza reaxa através dunha alternativa política que persegue o obxectivo de procurar outra función para o país dentro do Estado español e unha mellora das nosas condicións de vida.

Como sempre que se aveciña un proceso eleitoral, o modelo bipartidista tenta criar a ficción de que a política se reduce no Estado á alternancia entre dous partidos. Este bipartidismo ten a obsesión de manter paralisada, estática, a situación política do Estado. Pero a realidade é diversa, plural, e contraditoria, tanto do punto de vista económico, social, como cultural e lingüístico. O Estado español é un Estado plurinacional. Nesta realidade plurinacional, o natural é o pluralismo político. Afortunadamente, Galiza dotou-se dun movemento nacionalista, vital para a súa existencia como país, tanto a curto prazo, para conseguirmos melloras inmediatas, como a medio e longo prazo, para cambiar o deseño estatal que nos prexudica. Contra a propaganda bipartidista que quer xustificar-se como garante da solidariedade e vertebración dos territorios do Estado español, cada vez máis galegos e galegas saben que a única garantía de mellora para Galiza é optar polo BNG. Saben que tamén é unha garantía para a democratización do Estado español. Os feitos, a práctica demostra-no. A obsesión por converter o nacionalismo nunha besta negra, prexudicial para a harmonía e a unidade, está condenada ao fracaso. A cidadanía de Galiza é consciente da necesidade do BNG para unha relación igualitaria, en pé de igualdade, democrática, entre as nacións que integran o Estado.

O nacionalismo galego representa os desexos e as aspiracións da imensa maioría de Galiza, disconforme co papel que se nos asigna. O deseño marxinator está a agudizar-se co actual proceso de globalización. Este proceso está a significar unha maior presión e corsé contra as nosas capacidades produtivas en sectores estratéxicos básicos da nosa economía (agropecuário, pesqueiro e industria naval). A dualidade entre política e economía non beneficia a países como Galiza. Galiza necesita dun compromiso dos poderes públicos para modificar e transformar para mellor a súa realidade. Galiza necesita poder político propio. Na dinámica da política

estatal, unha das garantías para contar con poder político propio é a expresión eleitoral através do nacionalismo, do BNG. Nas eleicións xerais é clave que o apoio eleitoral ao nacionalismo medre. Co medre do nacionalismo, colaboramos para:

1. Rectificar a política marxinadora de Galiza, axudando a modificar o deseño de anulación dos nosos intereses e da subordinación a intereses alleos.
2. Instaurar un Estado realmente democrático, isto é, respeitoso coa diversidade, co pluralismo, é dicir, un Estado baseado na relación igualitária e en pé de igualdade. Contribuímos así para a configuración dun Estado plurinacional, plurilíngüe e pluricultural, desde unha perspectiva galega.
3. Posibilitar conquistas conducentes á transformación social e económica de Galiza e á veiculización dunha política progresista no conxunto do Estado.

II. A necesidade do nacionalismo para Galiza e o seu futuro: o avance do BNG, chave para rematar coa marxinación de Galiza

Felizmente, na Galiza está-se a dar nos últimos anos un cambio de mentalidade, expresado democraticamente nas urnas. Cada proceso eleitoral desde 1985 vén significando un novo salto para o nacionalismo galego. En marzo de 1996, logrou-se ter presenza por primeira vez no Congreso dos Deputados. Galiza estivera ausente até entón do debate político estatal. Grande parte da opinión pública galega é consciente xa da importancia da nosa presenza en Madrid. A considerada ausencia 'natural' de Galiza da cena política española contribuíu grandemente para agudizar o deseño de marxinación. O problema político máis grave de Galiza é a súa falta de peso dentro do Estado. Galiza non tiña representación política de seu e a marxinación estrutural no plano económico, no plano político, no plano cultural e lingüístico podía aplicar-se sen que houber debate, discrepancia, oposición e nen sequer información ao seu debido momento. Desde que o BNG tivo presenza no Congreso dos Deputados, as cousas mudaron neste aspecto. Cumpre reforzar esta presenza do BNG en Madrid. É a condición necesaria para cambiar o deseño do Estado español que segue a considerarnos residuais, marxinais. Sempre usados e contemplados desde perspectivas, intereses e deseños externos. Optar polo BNG significa optar pola única política realmente progresista, pola única política capaz de servir a Galiza e ter unha perspectiva do Estado español realmente solidaria. O proceso de transnacionalización, a integración na UE, fai o nacionalismo en Galiza máis

necesário que nunca. Quen non se expresa politicamente de seu é ignorado e arrasado no proceso globalizador. Temos sobradas experiéncias como povo neste sentido. A alternativa do BNG é unha alternativa dirixida á imensa maioría do povo galego. Nengun sector social interesado en que Galiza poida producir, en que os galegos e as galegas podamos traballar no noso país, en que as nosas condicións materiais de vida melloren, en contar con institucións políticas propias atentas á defensa dos nosos intereses, pode ser alleo á nosa alternativa política. Velaí por que o BNG é unha alternativa na que confían cada vez máis homes e mulleres de Galiza que son conscientes da nosa situación crítica, pero tamén das grandes potencialidades do noso país, se confiamos en nós mesmos. Por outra parte, o BNG ten demostrado que o nacionalismo galego é sinónimo de igualdade entre os povos, de verdadeiro internacionalismo, de relacións mutuamente beneficiosas entre países, dunha orde internacional xusta e pacífica.

O BNG quer gobernar Galiza e quer contar cunha forte presenza no Estado español e na UE. Sabemos que hai que estar presentes en todas as institucións onde se dirimen cuestións básicas para Galiza. A nosa posición democrática acredita en que as liberdades individuais só se poden garantir se se combinan coa defensa das liberdades colectivas, isto é, cos dereitos dos povos e os dereitos sociais. O noso obxectivo nas próximas eleicións xerais é aumentar o peso político de Galiza cunha maior presenza parlamentar do BNG. Isto é, conseguir un grupo parlamentar propio. Temos cuberto durante estes últimos catro anos un oco de cuase vinte anos de ausencia de Galiza. A utilidade da nosa presenza é cada vez máis evidente. Agora hai que reforzar a incidencia e a potencia do nacionalismo nas Cortes, quer no Congreso quer no Senado. Un grupo parlamentar significa:

- a) Contarmos cun grupo galego, recoñecido regulamentariamente. Un grupo representativo da nación galega.
- b) Actuar cun instrumento máis funcional e capaz no xogo parlamentar e na determinación da política de Estado con Galiza.
- c) Actuar e intervir con máis folganza e capacidade establecendo alianzas conxunturais, en defensa dos intereses do noso país e na elaboración da política xeral do Estado.
- d) Obrigar ao goberno de turno a observar con máis respecto as demandas de Galiza e a facer concesións en aspectos vitais, conseguindo desta maneira conquistas significativas.

- e) Determinar de maneira máis eficaz a actuación dos partidos estatais en relación co noso país e nomeadamente a acción do goberno do Estado.
- f) Homologar Galiza definitivamente coas outras nazóns do Estado que contan con grupo parlamentar de maneira que o noso país non poida ser ignorado, esquecido ou minusvalorado no aspecto político.

Sabemos da tendencia a ocultar os problemas do noso país, a ignorar as nosas demandas. Lograr un grupo parlamentar é a constatación de que a conciencia nacional, de que a conciencia de seu, de que a vontade de existirmos, obrigará a contar con nós e a non desouvir as nosas demandas.

III. A presenza do BNG nas Cortes.

O traballo realizado polo BNG no Congreso dos Deputados ao longo da lexislatura que vén de rematar é a demostración palpexábel da utilidade do nacionalismo. Despois de cuase vinte anos de ignorancia e silencio sobre os problemas galegos, estes apareceron enunciados con contundencia e dignidade. Nengunha problemática do noso país estivo ausente. Nunca o BNG deixou de posicionar-se en relación á política xeral do Estado, tampouco calou perante situacións internacionais que demandaban definicións. Sempre o fixemos desde unha perspectiva socialmente avanzada, e plenamente consciente da lexitimidade das demandas dun país marxinado e discriminado como Galiza. Marxinación e discriminación que non queremos para ninguén. A nosa presenza acabou por condicionar a posición doutros partidos estatais respecto de Galiza. Hoxe non poden manter as mesmas posicións tan comodamente como antes de 1996 respecto da problemática do noso país. Galiza comezou a aboiar através da nosa presenza. Rompimos co silencio, e logramos mesmo pequenas conquistas, que hai que valorar en todo o seu significado. O Goberno tivo que comezar a mirar con propagandas confusionistas para a nosa sociedade e mesmo acabou por facer pequenas concesións obrigado polas denuncias, o debate e a insistencia das nosas reclamacións. Imos enumerar só a título de exemplo algúns dos eixos fundamentais da nosa actuación no Congreso durante estes catro anos para que se poida valorar a nosa presenza e contrastá-la coa doutras opcións que hexemonizaron a representación de Galiza durante estes últimos anos.

Un traballo constante e centrado nos grandes problemas de Galiza

****** Correxir a redacción deste parágrafo ******

Defensa dos sectores produtivos básicos: o sector lácteo, o pesqueiro, o naval, o enerxético (as centrais térmicas), a regasificación, as indústrias de

enclave (Ence e Elnosa), as privatizacións das empresas públicas (Endesa e Alúmina-Aluminio)..

A prol dunhas infraestruturas ferroviárias á altura das necesidades de Galiza: a denuncia do carácter obsoleto e colapsado do sistema ferroviario na Galiza, a defensa constante do Plano Ferroviario para Galiza aprobado en decembro de 1995 polo Parlamento galego, a denuncia do deseño marxinator do Goberno, as lixeiras modificacións deste deseño pola nosa presión política, a información e o servizo constante ás demandas e queixas dos usuarios de Renfe en Galiza.

O impulso ao remate das autovias de acceso a Galiza e a necesaria integración na Transcantábrica. Desenmascaramento do deseño estatal que considera suficiente para Galiza a rede de autovias.

A defensa da lingua galega e do noso patrimonio cultural ocupou parte senlleira da nosa actividade como nengun outro grupo político nacionalista practicou nesta e nas anteriores legislaturas. Velaí as designacións das provincias de A Coruña e Ourense, o dereito ao uso do galego nos rexistos mercantís, o dereito ao uso oficial do onomástico e dos apelidos na versión galega e orixinaria, a observancia continua do uso correcto dos topónimos de Galiza pola Administración Xeral do Estado, o uso do galego por RNE, a declaración da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade, a declaración de BICs para os bens imóbeis con valor histórico-artístico desafectados por Defensa...

Unha actividade diversificada

Non só foron os grandes problemas indicativos da marxinator estrutural de Galiza, senón centos de pequenos problemas indicativos de como condiciona a política estatal a vida cotiá e os espazos e recunchos máis apartados de Galiza. A través de múltiples intervencións escritas e orais e de moitas resolucións parlamentares, levamos esta problemática ao Congreso dos Deputados (ver preguntas por escrito). Desde cuestións relacionadas co medio ambiente –a Illa de A Creba- até as que teñen a ver coas estradas –estado das estradas ‘nacionais’ na Galiza, gratuídade de tramos de autoestrada de acceso a Vigo ou á Coruña, accesos de Fene-Ferrol, accesos de Pontevedra, autoestradas e autovias-, cos camiños de ferro (funcionamento dos servizos en toda a rede de Galiza tanto de Renfe como

de Feve), co funcionamento de Correios e Telégrafos na Galiza, e así sucesivamente.

Unha observáncia continúa da acción do Goberno con Galiza

O Goberno Aznar foi submetido a un labor de control que o obrigou a contínuas campañas propagandísticas na Galiza. Deste xeito contribuímos de forma crucial para que a grande ausente que foi Galiza comezase a ser observada, embora que fose con desgaña e contragosto. A Delegación do Goberno na Galiza foi desenmascarada polas súas actividades represivas en materia de seguridade cidadá sempre contraria ao exercicio de liberdade e manifestación e de expresión. Os planos de Goberno en materia orzamentaria tras catro anos de legislatura foron claramente diseccionados no seu carácter marxinator por parte do BNG, deixando claro que o investimento na Galiza non correspondía para nada ás súas mínimas necesidades e que se fundamentou sempre no seu 50 por cento en rematar unhas autovias que, iniciadas no ano 1992, non verían o seu fin até polo menos o 2002. A Xunta de Galiza non puido contrarrestar debidamente perante a opinión pública que o ‘Goberno Amigo’ non merecía tal cualificativo por parte do pobo galego. Nos debates do Estado da ‘Nación’ (sic) a opinión pública galega puido observar directamente a pasaxe desde a incomprensión e displicencia inicial do presidente do Goberno ao comezo da legislatura á reticencia e control e cabreo disimulado do final da mesma...Imaxinemos o importante que é que o BNG poida contar nas súas intervencións co tempo pleno asignado a un grupo parlamentar, 45 minutos fronte aos escasos 10 minutos co que contou durante toda esta legislatura.

Un debate político consecuente

A alternativa do BNG é beneficiosa para a práctica totalidade da poboación de Galiza. Todos os sectores sociais galegos estiveron representados no Congreso dos Deputados durante esta legislatura. A preocupación polos traballadores do mar e a súa seguridade social, polos traballadores do agro e as súas prestacións, polos traballadores autónomos, polos vendedores de prensa, polos pequenos e medianos empresarios da construción, polos pensionistas e as súas prestacións de mínimos, polos estudantes universitarios, as súas bolsas, a validación dos seus títulos, etc, conformaron múltiples iniciativas do BNG. Esta política social consecuente coa ampla base social que conforma a nación galega foi a mesma que nos moveu na defensa dun modelo fiscal avanzado e dun modelo de financiamento da nosa comunidade autónoma baseado na autosuficiencia fiscal e na soberanía competencial nesta materia. Así o demostramos perante os proxectos de lei governativos nestas

matérias. Sempre acreditamos en que Galiza ten capacidade para enfrentar a súa problemática económica e que nós temos que nos autorresponsabilizar nesta materia. Non adaptando-nos aos discursos consoladores de que somos subsidiados polo Estado.

Unha perspectiva galega do Estado e do Mundo

O BNG foi a única organización nacionalista que defendeu a reforma do Senado para adecuá-lo a unha Cámara territorial con diferenzas entre nacionalidades e rexións. Sempre mantivo unha postura de respeito e colaboración con outras forzas nacionalistas presentes na Cámara desde unha posición de defensa dos intereses de Galiza. O resultado foi a elaboración dalgunhas iniciativas conxuntas en materia cultural e lingüística. Nunca deixamos de nos relacionar con todas as forzas políticas, incluída a que sustenta o Goberno, se era para sacar adiante algun tema de interese para o noso país (presenza do distintivo OU nas matrículas dos coches, acordo pesqueiro con Marrocos, galego nos rexistos mercantís, respeito polo galego en zonas de Castela-León...). O BNG mantivo posicionamentos críticos co europeísmo oficial tendente a asumir a política economicista da UE e os seus deseños contrários a sectores básicos da nosa economía. Todos os cúmios de xefes de Estado da UE e os documentos subseguintes foron rebatidos polo BNG nos seus aspectos negativos para Galiza, para os cidadáns do Estado e para os países situados fóra das fronteiras da UE, especialmente aqueles que fornecen de emigrantes, man de obra barata, ao espazo económico europeu. Dentro dos nosos posicionamentos pacifistas e internacionalistas, combatemos a política de inxerencias agresivas nos asuntos internos doutros Estados e condenamos as guerras non declaradas polos seus efectos perversos contra a poboación nos casos de Xugoslavia, Irak, Angola, Sudán, etc. O BNG considera profundamente inxusta unha orde internacional ditada aos caprichos e conforme aos intereses dunha grande potencia.

As pequenas conquistas (ver proposicións non de lei e resolucións que nos foron aprobadas e a súa incidencia práctica)

ENGADEGAS:

(Pax. 5, desenvolvemento do primeiro parágrafo)

****** Correxir a redacción deste parágrafo ******

Defensa dos sectores produtivos básicos: o sector lácteo, o pesqueiro, o naval, o enerxético (as centrais térmicas), a regasificación, as indústrias de enclave (Ence e Elnosa), as privatizacións das empresas públicas (Endesa e Alúmina-Aluminio)...

Defensa dos sectores produtivos básicos:

O sector lácteo, apresentando propostas para incrementar a cuota láctea asignada a Galiza, de xeito que se recoñeza a produción real existente e se permita o desenvolvemento futuro do sector. Reclamando a supresión da supertaxa até que non se acade unha produción suficiente para abastecer o consumo do mercado español, e apoiando aos gandeiros nas súas manifestación en defensa do seu traballo, participando nas manifestacións e reclamando do Goberno Central a anulación das multas aos gandeiros por participar nas manifestacións.

O sector pesqueiro, apresentando iniciativas para a defensa do sector pesqueiro galego, e da presenza do mesmo nos caladorios internacionais. Reclamando da UE a defensa dos intereses galegos, en Arxentina, esixindo o cumprimento do convenio entre a UE e este país, en Marrocos, impulsando a sinatura dun novo convenio que permita a presenza dos barcos galegos nese caladoiro. Defendendo medidas para a consolidación das sociedades mixtas, a defensa dos intereses de armadores galegos en Gran Bretaña, o aumento dos cupos de captura do bacallau e a viabilidade desta frota, así como diversas iniciativas tendentes a millorar as condicións de traballo e de seguridade social dos traballadores e traballadoras do mar.

A construción naval, con medidas para posibilitar a competitividade dos asteiros galegos públicos Astano (Fene) e Barreras en (Vigo). Actuacións urxentes para a potenciación industrial dos centros de Bazán.

O sector enerxético, defendendo medidas para a execución do convenio para o desenvolvemento da electrificación rural de Galiza, o apoio ao proxecto dunha planta de regasificación na comarca de Ferrol, o acceso das Pontes aos planos para a reindustrialización das comarcas mineiras do carbón.

A indúustria, solicitando do Goberno o reflotamento de Picusa (en Padrón), esixindo o mantimento da actividade e do emprego nos centros de Tabacalera e Santa Bárbara, na Coruña, a solicitude dun Plano Empresarial para a empresa pública Imenosa. A oposición á privatización das empresas públicas

estabelecidas na Galiza: inespal, readmisión do comité de empresa de Alumina-Aluminio...

IV. Propostas e alternativas do BNG

Indústria

- Defensa do sector público empresarial. O BNG esixirá do Goberno Central que estableza negociacións co Goberno Galego para transferir á Xunta de Galiza a titularidade das participacións estatais en empresas públicas radicadas na Galiza.
- Presenza da Administración autonómica nos consellos de administración das empresas públicas estatais ubicadas na Galiza, mentras non se produza a transferencia á Xunta de Galiza.
- *Reinvestimento na Galiza de parte dos beneficios das empresas públicas estatais (Repsol, Endesa,...)*
- Descentralización dos departamentos estratéxicos das empresas públicas estatais, hoxe ubicados maioritariamente en Madrid (I+D, compras, marketing, dirección financeira, etc.).
- Reclamación ante o Goberno central da participación do Goberno galego naqueles órganos con capacidade decisoria sobre ordenación do sector enerxético, prioritariamente do eléctrico.
- Descentralización das actividades e dos fondos asociados aos programas estatais e europeos de I+D, de xeito que contribúan ao desenvolvemento dos sectores tecnolóxicos na Galiza.
- Maior participación das comarcas mineiras de Galiza nos planos de reindustrialización do Ministerio de Industria, Plan Miner, de xeito que se compense cun tecido industrial alternativo o forte impacto de redución das actividades industriais nesas comarcas (As Pontes e Meirama).
- Milloras da rede interna de distribución de enerxía eléctrica, que deberán ser prioritarias nos núcleos rurais peor abastecidos e nas zonas afectadas pola explotación de recursos enerxéticos.
- Apoio ao proxecto de establecemento dunha planta de regasificación na comarca de Ferrol, coa finalidade da reactivación industrial, imposible coa actual rede gasificadora de Galiza.
- Adecuación das centrais térmicas de Endesa en As Pontes e de Fenosa en Meirama para a produción de enerxía eléctrica con centrais de ciclo combinado, garantindo os actuais niveis de emprego e a autosuficiencia enerxética de Galiza.

- Regreso de Astano á Construcción naval convencional, potenciación de Imenosa como empresa de bens de equipo e establecemento dunha política comercial que contemple como un conxunto o conglomerado de indústrias vencelladas á construción naval e bens de equipo na comarca de Ferrolterra.
- Derogación do Real Decreto que proibe o acceso de Bazán á construción naval civil, grandes transformacións e reparacións. Elaboración dun plano de viabilidade que permita a incorporación de novos traballadores á plantilla do asteleiro.
- Adopción de medidas de apoio aos asteleiros galegos que permitan superar a competencia desleal froito do dumping social dos países asiáticos e contribúan a recuperar a carga de traballo e o emprego nestes asteleiros.
- Oposición e denuncia dos planos de reestructuración acordados entre o Goberno español e a Unión Europea, que restrinxen a capacidade industrial galega.
- Oposición á privatización de Ence-Elnosa. Adopción de medidas para completar o ciclo productivo na Galiza, orientandoo cara a produción de bens de maior valor engadido.
- Negociación para o peche de Elnosa na Ria de Pontevedra.

Agro

Mália os profundos cambios acontecidos ao longo dos últimos anos no sector agrario galego, onde se vén constatando o abandono institucional por parte do Goberno do Estado ao mesmo inconsecuente co seu carácter estratéxico en Galiza e no propio Estado, e polo tanto inserto nunhas condicións desfavorábeis para o seu desenvolvemento; podemos afirmar que estamos ante un sector dinámico en condicións de competir na Unión Europea.

A política do Goberno está a levar a unha rápida desaparición de miles de empregos no agro, e a profunda transformación do medio rural, onde se constata un masivo despovoamento, en especial nos sectores máis novos da poboación.

Ao mesmo tempo, o seguidismo por parte do Goberno das directrices europeas cómplices dos intereses da agroindustria dos Estados do Norte e do Centro de Europa, están a provocar un desprazamento na industria alimentaria galega, transformadora tradicionalmente de produtos propios, a prol da importación masiva de alimentos alleos, crebando dese xeito a nosa capacidade de autoabastecer-nos, de fornecer os nosos mercados alimentarios con produtos agrarios cultivados polos labregos e labregas galegos.

Sector Lácteo

O sector lácteo galego vén experimentando mudanzas profundas e contínuas, e está sometido a unha profunda crise estrutural derivada, principalmente, da ameaza contínua da aplicación da supertasa, unido á patente insuficiencia dos sucesivos repartos e aumentos de cuota láctea, e ao desmantelamento do sector transformador galego, coa aquiescencia dos Governos do P.P., tanto na Xunta de Galiza como no Estado.

A realidade está a demostrar que a política do Goberno é errada, ademais de altamente prexudicial para os intereses de Galiza, posto que a reforma estrutural eternamente pretendida polo Goberno, lonxe de conquistar un sector lácteo máis reforzado cara o futuro, está a contribuir a que cada vez sexa máis raquíptico.

Por outra banda, o Goberno fai un uso político dos datos de produción, agochando datos cando electoralmente non lle convén facer unha aplicación directa das sancións aos gandeiros e gandeiras, e permitindo que nalgúnhas campañas se comprima máis leite tentando evitar así a indignación crescente do sector. Esta é a constatación palpábel da falta de argumentacións políticas en defensa da política de cuotas, así como a falta dunha iniciativa sólida en defensa do sector por parte do Goberno, pésie o peso específico que o sector lácteo representa para o desenvolvemento económico de Galiza.

O BNG seguirá a afirmar publicamente que a política de cuotas é inxusta, e non é razoábel aplicá-la a gandeiros e gandeiras que teñen restrinxida a capacidade de producir para simplemente poder vivir dignamente do seu traballo, e moito menos cando aínda non se produciu a distribución do suplemento de cuota que pode paliar parcialmente a sobreprodución, polo que propomos:

- A supresión da supertasa, que sanciona a sobreprodución na cuota asignada a Galiza, de xeito que non se repercuta nos gandeiros e gandeiras até que na Galiza se acade un nivel medio de cuotas por explotación similar ao dos restantes Estados produtores de leite na UE e, en todo caso, unhas cotas de produción que permitan o abastecemento do mercado interior español.
- A redistribución do incremento de cuota no Estado, de xeito que a Galiza lle corresponda unha asignación acorde co peso real do sector leiteiro galego no total español e coa importancia relativa do sector para a economía galega. Aplicación inmediata deste reparto.
- Solicitar dos órganos competentes da UE, a redistribución de cuotas a nivel europeo, para que deixen de estar vinculadas aos dereitos históricos, e se

teña en conta a dimensión das explotacións e o potencial de crecemento das mesmas.

- Criación dun ente público coa participación das Organizacións de Produtores Agrários (OPAs) que xestione o novo sistema de cuotas, e que teña como obxectivos: evitar o drenaxe de cuota morta das explotacións galegas cara a reserva estatal, así como por fin ao reparto oneroso de cuota láctea por parte da “Reserva Nacional” e ao proceso especulador de compra-venda de cuotas, que contribuí a desvertebrar o sector.
- A promoción, através de liñas de subvencións, da constitución de APAs como agrupacións primeiras compradoras, a partir da base cooperativa.
- Impulsar o establecemento dun sistema de prezos transparente, garantindo a seguridade e estabilidade aos produtores, e a extensión dun sistema de contratos homologados, coa participación conxunta da Administración, a industria e o sector produtor.
- **** incluir algo sobre a Industria láctea *****

Sector da Carne

Do mesmo xeito que no sector lácteo, os gandeiros e gandeiras produtores de carne están a sufrir as consecuencias da regresiva política agraria comun, estando sometidos a unha continua baixada dos prezos que non é compensada polas axudas percebidas polos mesmos, ao ser claramente insuficientes, e ademais, ao non adecuar-se á normativa que as regula á realidade do sector galego, e incluso á propia normativa interna como a da denominación de calidade da vitela galega.

Asemesmo, a produción de gando de carne vén sendo o principal motor económico das zonas máis desfavorecidas da Galiza, que seguen a sufrir un acusado descenso poboacional, que pode provocar, a medio prazo, unha desertización de amplas zonas do noso territorio. Por iso, e fronte a unha práctica produtiva cada vez máis intensiva, o BNG promoverá as medidas necesarias para invertir esta tendencia, promocionando en todo caso as producións extensivas, principalmente por medio do establecemento dun marco normativo que permita un maior aproveitamento das axudas por parte dos gandeiros e gandeiras que orienten (ou reorienten) as súas explotacións a prácticas agrícolas extensivas:

- Solicitar un aumento considerábel de primas por vacas aleitantes, para adecuar os dereitos de prima á cabana gandeira, así como a inclusión das xuvencas no cómputo dos dereitos.
- A modificación das axudas ao cebo dos becerros machos, optando por unha modalidade de primas baseada no peso no canto da idade, evitando así que un elevado número de xatos continuen sen dereito a prima na Galiza.

- Incrementar as primas de ovino e caprino asignadas a Galiza, favorecendo o aumento o desenvolvemento destas explotacións.
- A adecuación da normativa estatal que regula as primas por extensificación e a prima suplementar á realidade galega, favorecendo ás explotacións con base territorial, aproveitamento de forraxes propios, e cunha produción de xatos ligadas ás nais, para que perceban o máximo permitido para estas primas.
- Aumentar as indenizacións compensatorias, e a porcentaxe nas axudas ás explotacións afectadas pola Lei de agricultura de montaña, asegurando asemesmo un incremento das dotacións orzamentarias destinadas a eses fins.
- A reforma da Lei de explotacións agrarias prioritarias, no senso de que contemple a especificidade das explotacións familiares galegas, posibilitando en todo caso o seu acceso á devandita cualificación, asicomo aos beneficios fiscais otorgados pola citada lei.

Sector Forestal

O Goberno, nos sucesivos convénios coa Unión Europea e a Xunta de Galiza, está a destinar unha parte importante de axudas públicas ao denominado “Programa de forestación de terras agrarias”, de carácter eminentemente produtivista, sen que se propoña nengunha outra medida tendente a unha ordeación racional do monte nen que valore as restantes actividades e funcións relacionadas cos recursos forestais e o uso social e ecolóxico do monte; o que está a provocar, non só o refugamento dun aproveitamento integral e sostido do monte, senón tamén desequilíbrios coas producións agrícolas e gandeiras, e incluso nalgunhas zonas de interese paisaxístico cunha crescente economía turística, unha clara incompatibilidade co futuro desenvolvemento da mesma de non acometer-se, como dicíamos, unha mínima ordeación da actividade forestal.

Tamén cada vez é máis patente a insuficiencia de madeiras de calidade para abastecer a industria aserradora tradicional, a transformadora do moble, incrementando-se alarmantemente as importacións deste tipo de madeiras sen que se acometa seriamente unha diversificación das producións forestais.

O BNG reconece a importancia dos montes veciñais en man comun na Galiza, que ocupan unha superficie total de 650.000 has. (aproximadamente o 22 por 100 do territorio de Galiza), e que están sendo nenguneados e vapuleados polo Goberno Central, ao negar-lles o seu carácter específico e singular, sendo boa proba delo a regulación do réxime fiscal operada nesta última lexislatura, ao asimilá-los fiscalmente ás sociedades mercantis de orixe convencional. Por elo, semella urxente realizar a transferencia de todas as

competencias atinxentes ao mesmos na materia ás Institucións Públicas Galegas, de xeito que as mesmas teñan a capacidade de tutela exclusiva desta institución civil xenuinamente galega.

- Redefinición dos Programas de forestación de terras agrarias, destinando os recursos prioritariamente á repoboación de valdios, terras non cultivadas e de nula vocación agraria, compatibilizando o uso forestal con outras producións ou usos da terra. Asimesmo, as axudas outorgarán-se de forma que se priorice a conservación e formación do patrimonio forestal con especies e masas boscosas autóctonas.
- Fomento da diversidade forestal, promovendo axudas para a forestación con madeiras nobres. Tratamento fiscal específico para a actividade forestal, baseado en principios de equidade e simplicidade, e que beneficie sensibelmente aos propietarios e propietarias forestais que promovan repovoacións que axuden a unha maior conservación dos recursos do monte, e a extensión de especies autóctonas.
- Neste sentido, exixirá-se o cumprimento da proposición non de lei formulada no seu dia polo BNG, e aprobada polo Congreso dos Deputados, sobre a fiscalidade nos montes privados.
- A transferencia da competencia legislativa plena ás Institucións Públicas Galegas de materias que afectan directamente aos montes veciñais en man comun, en especial o réxime fiscal dos seus aproveitamentos, e a configuración dun réxime específico de autorización de concesións de aproveitamentos regulados na lei de minas.
- En tanto non se produza a transferencia relativa á fiscalidade dos aproveitamentos dos montes veciñais en man común, o BNG defenderá a derogación do actual réxime tributario dos mesmos, así como a promulgación dunha regulación fiscal específica, atendendo á súa peculiar natureza, e á función social e ecolóxica á que están destinados.

Sector do viño

O deseño de políticas comunitarias, tanto na OCM vixente como no abortado proxecto de reforma de comezos de década, así como na redacción definitiva que entrará en vigor en agosto do ano 2000, segue na filosofía de reducir excedentes. Os VCPRD de Galiza nen son excedentarios – antes ao contrario – nen ocasionan distorsións nos mercados internacionais.

Por outra banda, a escasa incidencia tanto superficial como produtiva das D.O. galegas fan inaxeitadas para a realidade do sector na Galiza, tanto as medidas restritivas da propia OCM, como as de articulación adoptadas polo Goberno español.

Nesta perspectiva, o BNG demandará:

- Medidas tendentes a manter e mesmo incrementar o potencial produtivo das zonas de VCPRD galegas.
- Distribución dos novos dereitos de plantación acorde co potencial comercializador das distintas zonas vitícolas.
- Criazón de distintas Reservas Rexionais de dereitos de plantación xestionadas polas CC.AA.
- Condicionar os dereitos xenerados polo arranque á súa utilización na mesma CC.AA., evitando drenaxes de dereitos para outras zonas.
- Mantemento do potencial produtivo de zonas de especial importancia ecolóxica, paisaxística e zonas de especial interese (fortes pendentes ou risco de despovoamento).
- A respecto do Plano de reconversión e reestruturación que teñen que elaborar os Estados Membros, o BNG considera a necesidade dun Plano específico para Galiza, que deberá ser contemplado no Plano estatal, de xeito que aquelas zonas con producións excedentárias non condicionen negativamente o deseño de políticas nas zonas con déficit de oferta e mesmo en expansión.
- Apoio económico que contempla a OCM debe adaptar-se á realidade das zonas produtoras, fuxindo de módulos de investimento estandarizados a nivel de Estado.
- Medidas de control, promoción e apoio por parte da Administración Central que faciliten a penetración nos mercados exteriores.
- Dado o relevante papel dos Comités de Xestión, consideramos a necesidade da presenza das CC.AA. nos foros onde se decidan as posturas a adoptar polos vocais representantes do Estado.
- Adaptación da normativa legal e fiscal á realidade sócio-económica galega e mesmo a aspectos tradicionais dos augardentes e espirituos para autoconsumo.

Productos transxénicos

- Prohibición de cultivos transxénicos para fins alimentários.
- Moratoria na importación de sementes e demais produtos transxénicos.
- Especificación obrigatoria no etiquetado de produtos transxénicos para consumo humano e animal.
- Impulso de acordos científicos que permitan clasificar a posición definitiva a respecto do uso de produtos transxénicos máis alá do ámbito restrinxido da investigación.

Pesca

O BNG:

- Reclamará a transferencia do demánio público marítimo e marítimo-terrestre, así como a competencia exclusiva nas augas da plataforma litoral (12 millas).
- Propiciará a transferencia aos servizos de inspección pesqueira de carácter civil da Administración autonómica dos cometidos e potestades que aínda ten atribuídos a institución militar.
- Reclamará a Inclusión da pesca nos acordos xerais de cooperación que asina a UE, evitando deste xeito a marxinación política que padece a pesca na UE

Pesca galega en augas comunitarias

- Tendo en conta a relevancia do sector pesquero na economía galega, o BNG reclamará do Goberno do Estado, a negociación coa Xunta de Galiza, e a súa defensa nas institucións europeas, dun Plano Galego de Pesca de Altura, que se axuste aos seguintes criterios:
 - a) Proposta de que os TACs comunitarios sexan plurianuais, para permitir a planificación empresarial, e máis multiespecíficos, o que permite evitar os descartes que se están a dar cos TACs actuais.
 - b) Eliminación das contradicións existentes nas medidas técnicas propostas pola Comunidade, moi restrictivas para algunhas zonas, e moi permisivas con certas artes.
 - c) Medida do esforzo pesqueiro, tendo en conta un cómputo anual de días na pesquería e non necesariamente o cómputo semanal.
 - d) Co-participación dos pescadores nos mecanismos de control da pesquería.
 - e) Defensa de medidas técnicas de recoñecido éxito na súa posta en práctica e non só fundamentadas en criterios científicos.
 - f) Coordinación efectiva das distintas administracións na regulación destas pesquerías.
- O BNG solicitará a transferencia para a xestión exclusiva dos fondos comunitarios IFOP (Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca) por parte da Administración galega.

Pesca galega en augas internacionais extracomunitarias

- O BNG continuará a reclamar a presenza do Goberno galego nas conversas de anovación dos convénios pesqueiros internacionais.

- Negociación urxente do acordo pesqueiro entre a UE e Marrocos, que garanta o mantemento da frota e do emprego que faenan neste caladoiro.
- Asimesmo, o BNG reclamará do Goberno Central a elaboración dun plano de accións sobre recursos exteriores –extra mares comunitarios-, que conte coa participación das organizacións representativas do sector e que sirva como marco de futuras accións pesqueiras. En tanto este plano non se elabore, o BNG defenderá a adopción das seguintes medidas:

Frota conxeladora

- Acadar os apoios na Comisión de OPANO (NAFO) para evitar as reducións da cuota comunitaria e acceder a cupos de especies cando a situación biolóxica o permita.
- Realización de novas campañas de investigación científica na zona de Regulación de OPANO, que sustenten a pesca galega a longo prazo e contribúan a revisar as TACs (Capturas Totais admisibles). Establecer planos cuatrienais de campañas dirixidas tanto as especies planas (platuxa, coreano e limanda) como ao fletán negro.
- Eliminar o veto real comunitario e canadiano aos observadores ibéricos na frota de OPANO, acabando con unha costosa discriminación tanto política como económica.
- Levar a cabo campañas experimentais ou bioeconómicas orientadas a diversificación da actividade, tanto no Atlántico Norde: Banco Haton, Dorsal de Reykjanes, Mar de Irminger, como no Atlántico Sul: Banco de Valdivia, Banco de Josefina, Islas Georgicas, etc..
- Negociación urxente de novos acordos de pesca para a diversificación da actividade da flota, mantendo o pavillón propio mediante cuotas, e licencias, con distintos estados coma Namibia, Sudáfrica, Malvinas, Estados Unidos, Perú, Chile, Angola, etc.

Frota bacaloeira

- Ampliación de zonas e cuotas de pesca, coa revisión e mellora da situación en Svalbard, conseguindo un aumento de cuota polo aumento da poboación no caladeiro.
- Acadar un acordo pesqueiro con Rusia.

Frota de palangre de superficie

- Urxente establecemento de censos pechados tanto na flota de fresco como na de conxelado.
- Resolución de transbordo de colleitas nos portos chilenos.

Comercialización

- Ao tempo que seguiremos reclamando a competencia do Goberno galego en todos os portos de Galiza, defenderemos a transferencia das lonxas dos portos estatais ao Sistema Galego de Lonxas.
- Control sanitario das importacións para que os produtos presentes no mercado galego cumpran as mesmas normas que emanan da administración galega en defensa da saúde pública e da calidade do produto que se ofrece ao consumidor.

Ensino e investigación

- Solicitar a transferencia do Centro de Formación Ocupacional Marítima de Bamio, hoxe dependente do ISM, así como toda a programación de cursos que realiza este organismo en Galiza.
- BNG reclamará a transferencia dos centros do Instituto Español de Oceanografía ubicados en Galiza.
- ***** ver enmendadas plans marisqueo e investigación*****

Servizos

- O BNG defenderá a cobertura universal e igualitária dos servizos públicos como a sanidade, a educación, as comunicacións, as redes básicas de distribución da enerxía, etc. Xa que logo, o BNG manterá a súa postura contrária ao actual proceso de privatización destes servizos esenciais.

Comércio

- Reclamaremos a transferencia via artigo 150.2 da Constitución española, da totalidade das competencias en materia de comercio interior, de maneira que o Parlamento de Galiza poda legislar de acordo coas necesidades e características do comercio galego.
- Promoverá-se a revisión do sistema fiscal que afecta aos comerciantes, autónomos e empresarios, co obxectivo de acadar un sistema máis progresivo e simplificado que o actual, e acabar coa regresividade do IAE.
- Supresión da discriminación que sufren os pequenos comerciantes con respecto ás grandes superficies ao ter que pagar comisións abusivas polos cobros con tarxeta. Reducción e igualición das comisións para todos os comerciantes.
- Establecemento dun sistema de contratos homologados entre os provedores e as grandes superficies comerciais, tutelados pola Administración, que garantan o pago por parte destas superficies en prazos razoábeis, erradicando a práctica da utilización dos pagos aprazados como un mecanismo de presión sobre os provedores.
- Delimitación clara da posición dominante na distribución comercial e, adopción de medidas que impidan unha concentración excesiva ben sexa a nivel estatal ou autonómico.
- Exención no pago dos dereitos de autor por parte dos establecementos hoteleiros que se limiten exclusivamente á recepción pasiva de emisións audiovisuais.
- Reducción do IVA aplicábel aos produtos da artesanía ao tipo impositivo mínimo.

Infraestruturas e servizos do transporte

Camiños de ferro

En 1995, gracias ao impulso do BNG, o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade un acordo para porñer en marcha un Plano Director de Infraestruturas Ferroviárias para Galiza. Ante a pasividade da Xunta de Galiza para reclamar do Goberno Central a execución deste acordo, o BNG levou o acordo do Parlamento Galego ao Congreso dos Deputados e fixo da reivindicación da mellora do ferrocarril galego un dos seus peares de actuación política a nivel estatal.

O BNG seguirá defendendo o cumprimento por parte do Goberno Central do acordo acadado no Parlamento de Galiza para a modernización do Ferrocarril galego e as conexións co exterior, de tal xeito que entre os anos 2007 e 2010 poda estar aplicado na súa totalidade.

1. Modernización da infraestrutura ferroviária.
 - a) Rectificación de curvas e ripados elevados, construción de pequenas variantes e, renovación de vías con travesas polivalentes.
 - b) Construción de dobre vía, con novo trazado en determinados traxectos.
 - c) Eliminación de retrocesos.
 - d) Electrificación da rede coas prioridades que se establezan.
 - e) Bloqueo automático en vía única onde non exista.
 - f) Estudo da ampliación de estacións nas que se poda realizar cruces de convois.
2. Redución sensíbel dos tempos de viaxe que, ao final da aplicación do Plano, debería situarse en 150 Kilómetros/hora nas comunicacións interiores, que é o prioritario para Galiza e ademais é a única forma de que o ferrocarril galego poda integrarse en condicións mínimamente aceptábeis coas posíbeis redes estatais de alta velocidade.
3. Aumento da seguridade e mellora do material rodante, coa conseguinte supresión de pasos a nivel e valado do trazado ferroviario en tramos urbanos.
4. Potenciación do tráfico de mercadorías por tren. Interconexión cos portos e polígonos industriais ou centrais térmicas e adecuación das estacións de ferrocarril para estas funcións.
5. Modernización da liña FEVE en Galiza, cun aumento sensíbel da velocidade que se aproxime a 80 Km/h, duplicación de vías en máis tramos dos actualmente planificados, establecemento do servizo de cercanías en máis tramos da rede e na zona da Mariña – Viveiro-Ribadeo - e potenciación do tráfico de mercadorías. Continuar reclamando as competencias de Feve no que afecta ao noso territorio.

O BNG continuará coa súa política de presión ao Goberno central e de denuncia da connivencia da xunta de Galiza en materia ferroviaria, que é a verdadeira causa dos pequenos avances que se están a dar neste terreo, de forma que o Goberno central teña que asumir:

1. Actuacións inmediatas na conservación, restauración e mantemento das liñas máis abandonadas.
2. Investimentos que milloren a infraestrutura actual eliminando curvas, construindo novas variantes e abrindo novas estacións ao tráfico.
3. A consideración de cercanías para traxectos que unan as condicións requiridas.
4. Conexións interurbanas de maior frecuencia, rapidez e comodidade que as hoxe existentes.
5. Adecuación dos trens, do seu número de unidades e dos horarios, ás características e necesidades dos servizos.

Autovias

O BNG, no Congreso dos Deputados, seguirá batallando para conseguir as seguintes actuacións:

- Esixir o remate inmediato de todos os tramos pendentes nas autovias de acceso á meseta e dos equipamentos e servizos auxiliares das mesmas (áreas de servizo, teléfonos de emerxencia,...)
- Execución urxente dos tramos da Autovia do Cantábrico en territorio galego, coa súa chegada a Ferrol e a súa conexión coa A6.
- Esixirá a finalización das obras pendentes na autovia Santiago-Labacolla, incluíndo realización dun enlace directo coa A9 e co aeroporto.
- Esixirá a eliminación da peaxe na auto-estrada do Atlántico entre Rande e Puxeiros e no tramo A Barcala-A Coruña, así como a construción dun ramal até o aeroporto de Alvedro. *** Ver iniciativas ****
- Esixir a construción dunha autovia sen peaxe entre Santiago e Ourense.
- Execución das obras de acceso da autovia Fene-Ferrol e a ronda oeste de Fene.

Portos

O BNG reclamará a competencia plena sobre de todos os portos galegos que hoxe son competencia da Administración Central, pero exixindo ao mesmo tempo que a transferencia vaia acompañada da satisfacción da deuda histórica para cos portos galegos, consecuencia do desvío de inxentes investimentos,

produto da explotación portuaria española no seu conxunto -polo tanto, tamén dos portos galegos- cara os portos de Barcelona, Valencia, Algeciras, Bilbao, etc.

- O BNG defenderá as medidas necesarias para incrementar o trafego intermodal nos portos galegos, procurando o reestablecemento da comunicación por ferrocarril cos mesmos e dotando das infraestruturas necesarias para o tráfico de contentores a todos os portos de interese xeral de Galiza.
- Dotación de remolcadores para a zona marítima de Galiza de potencia adecuada para atender as emerxencias que se podan producir.

Aeroportos

- Potenciación do tráfico internacional no aeroporto de Santiago.

OUTRAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS

Abastecemento de enerxía eléctrica

- BNG continuará denunciando que malia ser Galiza un país excedentario na produción de enerxía eléctrica, aínda existen no noso territorio moitos núcleos de poboación que carecen de suministro eléctrico en condicións axeitadas. O BNG continuará demorando do Goberno Central a adopción de medidas que obriguen ás empresas eléctricas a fornecer un suministro de calidade en todo o territorio galego.
- Paralización de calquera iniciativa de construción de novos encoros dentro do marco competencial da Confederación Hidrográfica do Norte en territorio galego (Salto do Sela, Navia de Suarna,...)
- Adopción de medidas de mellora ambiental nos trazados das redes de alta e media tensión:
 - Troco do trazado dos tendidos das liñas de alta tensión que decorran por riba ou á beira de núcleos de poboación.
 - Soterramento das liñas de media tensión que estean nas mesmas condicións que as anteriores. En calquera caso, toda nova liña de media tensión que se tenda nos núcleos de poboación terá que decorrer necesariamente soterrada.
 - Soterramento de liñas de baixa tensión que afecten a conxuntos histórico-artísticos e contorno de monumentos.

VIVENDA

Aínda que a Xunta de Galiza ten atribuída a competencia exclusiva en materia de vivenda, subsisten aspectos fundamentais como a fiscalidade inmobiliaria e

o financiamento que seon regulados pola lexislación estatal. Neste sentido, o BNG impulsará as seguintes medidas:

1. Apoio á vivenda en réxime de aluguer.
 - Incremento dos fondos destinados á promoción pública de vivendas protexidas, en especial as destinadas ao aluguer, e á rehabilitación de vivendas.
 - Restabelecimento dos beneficios fiscais para o arrendamento de vivendas, na procura da igualdade cos supostos de compra.
2. Tratamento progresivo das desgravacións do imposto persoal sobre a renda (IRPF) por adquisición ou rehabilitación de vivenda. Diminución do tipo de gravamen do imposto sobre o valor engadido (IVE) para as vivendas protexidas e do imposto sobre transmisións patrimoniais (ITP) para todo tipo de vivendas.
3. Reducción do parque de vivendas baleiras.
 - Aumento do coste fiscal das vivendas desocupadas.
 - Diminución da presión fiscal na transmisión de vivendas.
4. Apoio á diversificación tipolóxica da oferta de vivendas ou aloxamentos que dea satisfacción ás novas demandas sociais (xóvenes, familias monoparentais, unidades de convivencia de feito, ancianos etc.).

Meio Ambiente

Na actualidade as centrais térmicas de As Pontes e Meirama coas suas emisións de dióxido de xofre están a provocar unha importante contaminación por choiva ácida. Galiza emite o 33% do total do Estado de dióxido de xofre do Estado, so 1/3 da poboación galega ten algún tipo de depuración de augas residuais, de xeito que moitos ecosistemas fluviais e as Rías galegas están soportando importantes cargas contaminantes por este motivo. A actuación do BNG no Congreso dos deputados estará orientada a:

- Estabelecer "cargas críticas" - máximos para que non causen danos- de determinadas compostos químicos que se emiten polas indústrias para evitar problemas nos ecosistemas.

- BNG defende a non proliferación da enerxía nuclear e polo tanto oporá-se a calquer proxecto de construción de novas plantas de produción de enerxía nuclear.
- Transferencia a Galiza das funcións e recursos persoais e materiais do Instituto Nacional de Meteoroloxía en territorio Galego.
- Colaboración do Ministerio de Medio Ambiente coa Xunta de Galiza para o establecemento de Planos de Saneamento Integral das Rías Galegas.
- Unificar as competencias hoxe dispersas, esixindo do Ministerio a transferencia oportuna.
- Incremento dos fondos do Ministerio de Medio Ambiente destinados a obras de depuración de augas residuais en Galiza.
- Paralización do Plano Hidrolóxico do Ministerio (Concas Norte I e II que comprende o Miño, Navia, Eo, Limia e afluentes)
- Reclamarase do Goberno Central a cesión do noso espazo aéreo e marítimo para aplicar taxas ao tráfico internacional tanto aéreo como marítimo. Galiza esta nunha das rutas marítimas mais importantes do planeta con riscos de accidentes, asemesmo esta nas rutas aéreas internacionais América-Europa.
- Esixirase maior separación das nosas costas do tráfico marítimo , en especial do transporte de substancias contaminantes e mercadorias perigosas - petróleo, substancias químicas,..- Non se autorizará o tránsito de buques con residuos nucleares ou material fisiónábel con destino as nucleares.
- Control exhaustivo do tráfico marítimo de mercadorias perigosas.

Educación

Será un obxectivo prioritario do BNG, renegociar o desenvolvemento legislativo e a débeda histórica, para efectivizar o cumprimento dos compromisos contraídos con Galiza e para dotar ao sistema educativo galego dos niveis de calidade exixibéis. ????

- Competencia plena na elaboración dos plans de estudo.
- Incremento do financiamento público e progresiva perda de peso das taxas e capital privado no financiamento universitario.
- Transferencia das competencias plenas en materia de bolsas e axudas ao estudo.

Cultura e medios de comunicación

- Goberno galego instará o traspaso da titularidade e xestión dos monumentos, lugares, contornos e pezas do patrimonio histórico-artístico de titularidade estatal. Oporá-se a calquer venda, en subasta pública, de bens procedentes do Ministerio de Defensa, desafectados de usos militares.
- Recuperación para uso civil das instalacións e os terreos militares en desuso.
- Aumento do total de horas de emisión en lingua galega, tanto da rádio como da televisión.
- Fomento da produción propia nos centros territoriais e, conseguintemente, fortalecemento destes.
- Ten-se producido, após a desaparición de Radio 4 e o comezo de emisións de Radio 5, un retroceso visíbel da presenza, tanto lingüística como informativa da Galiza: é urxente, portanto, unha reforma na programación de Radio 5 na Galiza que deixe de ser testemuñal e que pase por incremento das bandas horárias dedicadas ao país (xa que logo, desconexións máis frecuentes e amplas), e, por suposto, moito maior uso do idioma galego, acompañado da presenza habitual das representacións galegas do mundo político, sindical, cultural, etc.
- Posta en marcha das medidas precisas para a completa recepción recíproca das transmisións por televisión entre Galiza e Portugal.

Política Lingüística

- BNG esixirá a aplicación da toponimia oficial de Galiza en todas as rotulacións dependentes de administracións ou empresas públicas estatais.
- O BNG seguirá proponendo medidas tendentes a un uso normal da lingua galega na Administración de Xustiza, esixindo que os funcionarios públicos destinados en Galiza acrediten o coñecimento do galego. Do mesmo xeito, como norma xeral, as actuacións e notificacións xudiciais escritas serán redixidas en lingua galega.
- Modificación da Lei de Procedimento Administrativo para poder dirixir-se á Administración Central e aos rexistros dependentes da mesma en calquera das linguas oficiais propias das comunidades autónomas.
- Nas oposicións, concursos e demais probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios ou persoal laboral da Administración Central,

posibilitará-se que os aspirantes escollan o idioma de realización das probas.

Política Social e Laboral

As distintas políticas económicas desenvolvidas ao longo dos últimos anos non se traduciron nun aumento do benestar social. Fronte á propaganda oficial de que “todo vai ben”, a realidade demostra que este aserto é aplicábel a uns poucos, existindo unha ampla maioría de cidadáns e cidadás vén que cada vez máis recurtadas as conquistas sociais adquiridas ao longo deste século.

No ámbito da Seguridade e Protección Social, e enmarcado dentro do denominado “Pacto de Toledo”, o PP vén deseñando unha opción política reestruturadora do sistema público que engarza coa posta en práctica de medidas neoloberais de organización social; traducindo-se nun progresivo proceso de “asistencialización” do nivel público contributivo profesional (é dicir, a diminución da contía das pensións a mínimos de cobertura profesional), para impulsar –por meio de estímulos fiscais- a cobertura privada de pensións futuras fronte a un reforzamento do sistema público.

Ademais, aínda se mantén en amplos sectores económicos unha regulación preconstitucional das coberturas sociais, ao non instrumentar-se xuridicamente nengun avance nos tres grandes réximes especiais da Seguridade Social, e no que están incluídos amplos sectores da poboación de Galiza (traballadores e traballadoras por conta propia, traballadores e traballadoras do mar e do agro), que permita aumentar as coberturas protectoras a un nivel, cando menos similar, ao do réxime xeral.

A taxa de desemprego de Galiza segue a estar situada por enriba da média do Estado español (sendo esta, á vez, unha das máis altas da UE), existindo taxas de paro superiores ao 20 por 100 en grupos sociais como as mulleres e a mocidade; todo elo co agravante de que na pasada lexislatura introduciron-se innovacións lexislativas que aumentaron sensibelmente a precariedade no emprego.

Ante esta política regresiva para o conxunto da sociedade, a posición do BNG centrará-se na defensa da adopción de medidas tendentes a conservar e ampliar as conquistas referentes ao sistema público de seguridade social, protección dos desempregados e das desempregadas, a extensión da asistencia sanitaria a todas as persoas residentes no Estado, sen excepcións, a procurar a

adopción de medidas específicas para colectivos que presentan unha problemática específica (moxidade, muller, inmigración, etc).

Protección social e asistencia sanitaria

O BNG defende un modelo de protección social público que garanta un nivel adecuado de prestacións a todos os cidadáns, proponendo as seguintes melloras:

- A consolidación do sistema público de Seguridade Social na súa parte contributiva, fixando dotacións, através dos Orzamentos do Estado, para a constitución e aumento gradual das reservas a que se refire o Pacto de Toledo.
- Estabelecer o aumento gradual das pensións máis baixas, equiparando-as, como mínimo, á contía do Saláριο Mínimo Interprofesional.
- A mellora progresiva do Réxime Especial Especial de Autónomos, instando a elaboración inmediata do estudo técnico e económico a que se refire a disposición adicional da Lei 24/1997; así como establecer o recoñecemento dunha protección por desemprego para os autónomos.
- Estabelecer a opción de elección entre as bases mínimas de cotización máxima e mínima para todos os traballadores e traballadoras por conta propia, posibilitando ao mesmo tempo aumentar a financiación do sistema público, e manter expectativas de percepción de pensións máis cuantiosas por estes colectivos.
- Impulsar a modificación dos Réximes Especiais da Seguridade Social, no senso de eliminar toda referencia que supoña unha discriminación de xénero indirecta no acceso aos mesmos.
- A revisión do sistema de cobertura da Incapacidade Temporal na Seguridade Social, de maneira que todo traballador ou traballadora poida optar libremente á cobertura e seguimento de dita prestación polo sistema público de Seguridade Social.
- Extender a cobertura sanitaria a todos os traballadores e traballadoras residentes no Estado, con independencia da súa situación legal de residencia e da súa nacionalidade.
- Aumento da financiación do sistema sanitario, en especial o que procede dos orzamentos xerais do Estado, que permita, por unha banda, o saneamento do déficit que arrastran os distintos entes xestores do mesmo, e por outra banda, a cobertura por parte do sistema público de novas especialidades médicas, como a odontoloxía, oftalmoloxía, etc..., e farmacolóxicas.
- O BNG defenderá a unidade de aseguramento en canto á asistencia sanitaria, fronte ao fraccionamento do mesmo e a extensión de modelos alternativos aos servizos sanitarios públicos.

- Posibilitar que as persoas que desenvolvan traballos domésticos de xeito exclusivo no seu propio fogar podan acceder ao sistema público de pensións.

Política laboral e de emprego

A criazón de emprego, e a defensa dun modelo de cobertura social que garanta un defecto de ingresos derivado dunha eventual situación de paro involuntario, serán os eixos fundamentais da acción política do BNG:

- A reformulación dos modelos de contratación laboral, mantendo como modelos de contratación temporal unicamente o de obra ou servizo determinado, o eventual por circunstancias da produción, o de interinidade e os de formación. A contratación a tempo parcial non será considerada como unha modalidade en si propia, senón como unha característica da contratación.
- A modificación da Lei de Empresas de Traballo Temporal (ETT), no senso de orientar a actividade das ETTs a funcións moi especializadas ou actividades non habituais das empresas, tal e como acontece noutros Estados europeos.
- Instar a regulación das relacións individuais e colectivas de traballo no seo dos Grupos de Empresa, que fixe a condición de empregador dos grupos de empresa, así como a atribución de lexitimación para negociar en nome dos traballadores no seo dos mesmos aos sindicatos máis representativos, ou que contén cun mínimo do 10 por 100 de representantes nos Comités de empresa ou Delegados de persoal.
- A necesaria reordenación das medidas de fomento do emprego, procurando que sexan destinadas fundamentalmente a colectivos específicos e non a calquera contratación; ademais de contemplar o problema do desemprego desde outra perspectiva, a do reparto do traballo, promovendo reducións no tempo de traballo que deixe espazo a novas contratacións.

Mulleres

Os medios de comunicación social exercen unha poderosa influencia na fixación e orientación de actitudes e valoracións a respecto das realidades obxecto de información e tratamento publicitario. A respecto da transmisión da imaxe das mulleres, é habitual o incumprimento das leis ou proclamacións de dereitos que postulan a non discriminación por razón de sexo. Deste xeito,

trata-se normalmente á muller como cousa que se pode manexar, adquirir e consumir, polo que:

1. O BNG esixirá do Goberno Central a adopción de medidas para que os medios de comunicación de titularidade pública cumpran o principio de non discriminación no tratamento da imaxe da muller.
2. O BNG instará ao Goberno central a promover a emisión e a publicación de programas, espazos, estudos e publicidade institucional que incidan pedagoxicamente na necesidade de eliminar barreiras discriminatórias para as mulleres e a súa dignificación social e pública.

**** Meter as propostas sobre malos tratos

Mocidade

- Promoción de vivendas de tipoloxía acaida ás necesidades e demandas da mocidade.
- Reclamar a supresión inmediata do servizo militar obrigatorio e da prestación social substitutoria, que leve aparelado o sobreseemento das causas penais, tanto na orde civil como militar, e o indulto de todas as persoas condenadas por delitos relacionados coa prestación do servizo militar ou a PSS.

V. A visión do Estado do BNG

Financiamento Autonómico

Utilizar os resortes constitucionais que permitan dar cumprimento á coordinación efectiva coa planificación da actividade económica xeral polo poder central do Estado.

****** pendiente**

Fondos Estruturais

- A administración por parte de Galiza da práctica totalidade dos Fondos Estruturais que lle corresponden, na súa maior parte distribuídos hoxe arbitrariamente por parte do Goberno Central.
- A administración por parte de Galiza dos fondos que lle deben corresponder no Fondo de Coesión.
- Aplicación en Galiza de fondos de competencia estatal.

Relacións entre as administración

Unha das eivas graves que tivo o noso país foi a nula relevancia na práctica, á hora de configurar a vontade política do Estado. Non é unha situación fácil de cambiar, cando, ademais, os partidos de ámbito estatal asumiron e asumen dentro e fora ese papel residual que se nos ten asignado aos galegos. A acción de goberno ten que ter un obxectivo claro para tentar modificar o escaso peso político de Galiza no concerto estatal e europeo. Tendo presente que Galiza é unha nación histórica e sen perder a perspectiva da reformulación do Estado sobre o principio do seu carácter plurinacional, debemos ter a aspiración de acadar para o noso país o máximo nivel competencial. No Estado español está-se utilizando hoxe o chamado feito autonómico como arma arrojadiza na loita partidaria, pero cunha intención de fondo de negar a realidade plurinacional do mesmo. Neste senso, Galiza é esquecida intencionadamente nuns casos, e utilizada como moeda de cambio, enfeudada a intereses foráneos e dos partidos estatais, noutros. Así, hoxe é imprescindible e perentorio utilizar de xeito inmediato todos os resortes posibles existentes para modificar positivamente o noso papel político. Así, cando menos, debemos:

1. Con base no artigo 36 do Estatuto, solicitar a ampliación do campo de competencias sobre a ordenación, promoción e aproveitamento dos sectores básicos na nosa comunidade. En especial:
 - Augas continentais que descorran ou teñan a súa orixe na comunidade.
 - Rexime mineiro e enerxético.
 - Política de emprego.
 - Empresas Públicas.
 - Fondo de Cooperación Local.
 - Lei de Contratos Públicos.
 - Vertidos contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego.
 - Aplicación das posibilidades que abre o artigo 46 do Estatuto para corrixir déficit históricos en determinados servizos e infraestruturas.
2. Así mesmo, reivindicará-se, en aplicación do artigo 131.2 da Constitución, a participación na planificación da actividade económica en todos os temas básicos que afecten a Galiza e nos que a competencia aínda sexa do Estado.
3. Supresión definitiva das funcións de inspección, control e seguridade cidadán que aínda conserven os Subdelegados governativos.
4. Estabelecimento de comisións que aseguren a participación de Galiza na toma de decisións para a negociación de acordos internacionais que nos atinxan directamente.
5. Supresión das Deputacións provinciais *****

Xustiza

Tres son os eixos básicos de actuación neste terreo por parte do BNG:

1. Un marco institucional que recoñeza, coa máxima posibilidade, unha estrutura do sistema xudicial en Galiza que se adecue á nosa realidade, afondando e desenvolvendo toda a súa potencialidade e que culmine o proceso de transferencias relativas á Administración de Xustiza. A perspectiva debe ser o plasmar no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza órgano xurisdiccional en que culminara a organización xudicial no ámbito territorial galego, perante o cal se esgoten as sucesivas instancias procesuais, contribuindo ademais deste xeito a paliar a gravísima dilación dos procesos xudiciais, e conformando un máximo órgano xudicial de Galiza.
2. Adoptar, de inmediato accións inequívocas dunha progresiva e real normalización nos eidos do dereito en xeral (Notarias, Rexistros, etc), e, de forma particular na Administración de Xustiza. Isto implica, cando menos, cumprir e facer cumprir a xuíces e maxistrados, fiscais e

secretários xudiciais, e a todos os funcionarios da Administración de Xustiza o uso progresivo do idioma galego no noso territorio. Feito que ten que partir de garantir que todos os funcionarios xudiciais, notários e rexistradores, acrediten a posesión e uso do galego oral e escrito, e da informatización en galego de todo canto atinxa á practica xudicial. Nesta perspectiva e como accións inmediatas propoñemos:

- Estabelecimento urxente dunha sala do Contencioso Administrativo en cada unha das Audiencias Provinciais, recollidas xa na Lei 38/1988.
- Reforzamento dos Xulgados de Familia de Vigo e A Coruña e creación de novos xulgados en Ourense e Lugo.
- A respecto do Ministerio Fiscal, asegurar a participación, cando menos a título consultivo, do Executivo galego para o nomeamento de Fiscal Xefe do Tribunal de Xustiza de Galiza. Así mesmo, establecer os mecanismos que garantan a súa relación e comparecencias no Parlamento Galego, así como reclamar a elaboración dunha memoria anual para enviar á Xunta de Galiza.

Seguridade cidadá

Na perspectiva de crear unha política policial propia, tanto do punto de vista dos medios da actividade como do punto de vista da organización defenderá-se:

- A negociación para o establecemento definitivo dunha Policía Galega que asumiria funcións que hoxe están a desempeñar outros corpos e forzas de seguridade.
- A creación desta policía permitiría dar-lle á seguridade cidadá en Galiza unha visión integral coa perspectiva fundamental de garantir os dereitos e deberes do cidadáns. Permitiría abordar coa mesma perspectiva e dun xeito integral a coordinación das policías locais e a vertebración doutros corpos especiais, pesca, xogo, etc., desde un mesmo obxectivo.
- Transferencia a Galiza das competencias en materia lexislativa e executiva do sistema penitenciario.

A estratexia do BNG cara un estado plurinacional

Nos últimos catro anos, continuando o que ten sido un labor político constante do nacionalismo galego organizado, o BNG razoou e alentou, xunto con outras organizacións políticas e sociais, a necesidade de que na andamiaxe institucional do Estado español se recoñeza o feito nacional galego e as súas implicacións políticas, económicas e culturais.

A construción dun Estado plurinacional esixe necesariamente a reforma da vixente Constitución española, para recoñecer a soberanía da Galiza. Entre outras, a curto prazo, debería-se recoñecer a competencia plena de Galiza en materias como lingua e cultura, ordenación do territorio, medio ambiente, agricultura, pesca na plataforma continental, etc. A modificación da estrutura do Estado, converter o Senado nunha verdadeira cámara de representación das nacións, converter ao Tribunal Constitucional nunha instancia realmente imparcial e, entre outras cousas, instituír un poder xudicial galego. Porén, mentres tal reforma non for posible, unha interpretación distinta da Constitución e das leis estatais que afectan á Galiza suporía un paso substancial cara diante neste proceso.

Mais en concreto, a plurinacionalidade do Estado supón que certas institucións como o Senado, o Tribunal Constitucional, ou o Consello Xeral do Poder Xudicial deban ser configuradas e entendidas dun xeito novo e de que, en consecuencia, o sistema electoral ou o réxime local actuais se adecúen tamén a unha realidade que, en parte, aparece mesmo recollida na Constitución española vixente. Como puntos esenciais deste proceso, o BNG propón á cidadanía galega o seguintes:

- **Converter ao Senado nunha cámara operativa e realmente representativa da pluralidade nacional.** Só convertendo o Senado nunha cámara de representación das distintas nacións que se achan integradas no Estado español e non, como os partidos españois propoñen, de todas e cada unha das comunidades autónomas, poderá-se tirar algunha utilidade dun órgano que, hoxe en día, é inútil. Isto supón recoñecer á Galiza un dereito de veto, para o seu territorio, daquelas leis e decisións que afecten ao seu ámbito competencial e tamén, entre outras cousas, permitir que aquelas leis e tratados que afecten á organización territorial sexan debatidas no Senado en primeira lectura.
- **Un Tribunal Constitucional representativo e imparcial.** Desde a súa instauración o Tribunal Constitucional ten actuado, en liñas xerais, mais como unha instancia política posta ao servizo do Estado que como un

órgao xudicial imparcial. Con efecto, através dunha interpretación centralista da Constitución e dos Estatutos de Autonomía, este órgano coutou vías alternativas, todas elas constitucionais e máis progresivas, de evolución do réxime autonómico español. É por iso que para o BNG, esta arelada imparcialidade do TC debe decorrer dunha maior representatividade dos seus membros: independentes das distintas partes, deben ser, sen embargo, nomeados por todas elas. Por iso propomos a creación dentro do Tribunal Constitucional dunha Sala especializada na resolución dos conflitos de competencia e dos recursos de inconstitucionalidade de carácter territorial e que un dos seus maxistrados sexa directamente designado polo Parlamento galego.

- **Un Poder Xudicial galego.** O BNG propugna a existencia dun poder xudicial galego e a culminación das instancias xudiciais no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza obriga a modificar a consideración do Consello Xeral do Poder Xudicial como órgano de goberno dun poder xudicial único a nivel de Estado. Entretanto, será necesario modificar o procedemento de designación dos membros deste órgano para o facer representativo da pluralidade nacional do Estado recoñecendo ao Parlamento galego a potestade designar, como mínimo, un vogal.
- **Un réxime local acaído á nosa realidade.** Como xa acontece noutros Estados europeos de base federal, o BNG considera que a determinación de cais sexan as entidades locais – parroquia, concello e comarca – máis adecuadas para a nosa realidade así como a súa regulación deben ser competencia exclusiva da Galiza. Xa que logo, e comprobada a inadecuación da división provincial do territorio, o BNG propón superá-la através, primeiro, da provincia única para a Galiza e, en segundo termo, da modificación do actual marco constitucional e legal.
- **Democratización da vida municipal (frente ao pacto local)*******

Estas mudanzas institucionais deberán ir acompañadas doutras no plano simbólico de forma que, por exemplo, toda a documentación oficial – billetes de identidade, pasaportes, diários oficiais – e a denominación oficial do Estado e dos seus órganos deban ir nas distintas linguas oficiais e non só en español e reflectan a súa pluralidade social e cultural.

VI. A perspectiva internacional